



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Convocatoria selección personal. Cinco prazas de administrativo/a de administración xeral. OEP 2021, 2022 e 2023

ANUNCIO

Expediente núm. 2024/E001/000002 2025/G003/000003

No expediente de referencia a Concellaría Delegada de Área ditou o Decreto núm. 7/2025, do 7 de xaneiro (2025/G003/000003), polo que se nomea persoal funcionario de carreira da escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo C1 e se establece unha lista de reserva.

A parte dispositiva da indicada resolución edilicia (o DNI amósase cifrado), establece o seguinte:

“1º) Nomear como **persoal funcionario de carreira** do Concello das Pontes de García Rodríguez, integradas na escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo C1, as seguintes persoas aspirantes, que superaron o proceso selectivo para a cobertura de cinco prazas de administrativo/a incluídas incluídas nas ofertas de emprego público do ano 2021 (unha); 2022 (tres) e 2023 (unha):

1. **Sergio Quintía Manteiga**, titular do DNI ***8114**
2. **Brais Doval Pazos**, con DNI ***0912**
3. **Martina Gómez Martínez**, titular do DNI ***8475**
4. **Jesús Manuel Soto Vivero**, con DNI ***1730**
5. **Pablo José Lozano Pardiño**, titular do DNI ***5144**

2º) Para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira as persoas aspirantes nomeadas deberán prestar xuramento ou promesa nos termos establecidos no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) e no artigo 1º do Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, e tomar posesión no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución de nomeamento no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP).

3º) Producida a toma de posesión, o departamento correspondente procederá a tramitar as oportunas altas en nómina e na Seguridade Social e efectuar os demais trámites precisos.

4º) **Formar** a seguinte **lista de reserva**, por orde decrecente de puntuación, coas persoas aspirantes que aprobaron o primeiro exercicio, para afrontar futuras necesidades na cobertura interina de postos ligados a prazas da mesma natureza que as convocadas:

DNI	ASPIRANTE	PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	CELGA IV/equivalente	TOTAL
***1582**	Pérez Rey, Brais	6,45	7,75	11,200	Si	25,40
***7369**	Orzales Queijas, Laura	6,25	5,95	10,900	Si	23,20
***1232**	Carballo Rivera, María Isabel	5,60	8,50	5,300	Si	19,40
***1770**	Soto Enríquez, Genma	6,70	4,40	---	Si	11,10
***1493**	Ramos Siaba, María Magdalena	7,30	3,55	---	Si	10,85
***6148**	Carballido Roca, María Ángeles	5,95	4,50	---	Si	10,45
***4416**	López Álvarez, Ismael	6	4,40	---	Si	10,40
***5051**	Del Río Guerreiro, Inés	6,30	3,85	---	Si	10,15
***5370**	Martínez Martínez, Pilar	7,05	3,00	---	Si	10,05

DNI	ASPIRANTE	PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	CELGA IV/equivalente	TOTAL
***6418**	Rodríguez Núñez, María del Carmen	8,30	1,30	---	Si	9,60
***4404**	Salgado Vázquez, Natalia	5,65	3,70	---	Si	9,35
***0456**	Conesa Aledo, Yolanda	7,85	0,70	---	Si	8,55
***8594**	Coira López, María José	5,85	2,45	---	Si	8,30
***0265**	Rodríguez Vaamonde, María del Mar	7,55	0	---	Si	7,55
***9732**	Calvo Seoane, Ana María	7,25	0,20	---	Si	7,45
***0727**	García Gómez, María	7,40	NP	---	Si	7,40
***1437**	Iglesias Sánchez, Jesús Andrés*	6,50	0,85	---	Si	7,35
***8621**	Laso García, Nicolás*	6,60	0,75	---	Si	7,35
***4103**	López Ares, Lara*	7,30	NP	---	Si	7,30
***1715**	Ponte Reinz, Iria*	7,30	NP	---	Si	7,30
***1390**	Albes Testa, Javier*	6,55	0,60	---	Si	7,15
***0812**	Carballeira Fernández, Noelia*	7,15	0	---	Si	7,15
***8140**	Armesto López, Raquel	6,95	NP	---	Si	6,95
***2178**	Carro Rodríguez, María de los Ángeles*	6,50	0	---	Si	6,50
***2047**	García Fraga, Andrea*	5,50	1,00	---	Si	6,50
***7748**	Seixido Gómez, Ana Belén	6,40	NP	---	Si	6,40
***3699**	Villadóniga Beceiro, July	5,40	0,50	---	Si	5,90
***2546**	Teixeira Fernández, Pamela	5,85	NP	---	Si	5,85
***6739**	Ríos Pena, Xesús Manuel	5,75	0	---	Si	5,75
***0299**	Seoane Grovas, Antía	5,50	0,20	---	Si	5,70
***9417**	González Pazos, Paula	5,35	NP	---	Si	5,35
***1653**	Felgueiras Caaveiro, María del Pilar	5,25	NP	---	Si	5,25
***8252**	García Muruais, Marcos*	5,05	0,10	---	Si	5,15
***9208**	Sueiras Martínez, Leticia*	5,15	NP	---	Si	5,15

*O empate dirímese atendendo á orde alfabética, de acordo coa base 7.4 da convocatoria.

5º) **Publicar** a presente resolución no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa entenderase desestimada por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, 9 de xaneiro de 2025

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá
Ana María Pena Purriños

2025/106